




REGULAMENTO “RUTA BTT PICO DA LEBRE 2025”

1.- O Clube Ciclista de Foz e o Concello de Foz, coa colaboración da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia, organizan a Ruta BTT Cicloturista **PICO DA LEBRE 2025**, que terá lugar o **sábado, 13 de setembro de 2025** no concello de Foz, provincia de Lugo.

2.- A ruta constará de un só percorrido de 55 km. de lonxitude, e con un desnivel acumulado de +1500 m.



3.- Este percorrido terá carácter NON competitivo.

4.- A saída terá lugar ás 9:30 horas, dende a praza Conde Fontao de Foz (Zona Porto de Foz).



5.- Poderán participar na ruta todas as persoas maiores de 16 anos, se ben os menores de 18 anos precisarán dunha autorización por parte da nai, pai ou titor/a legal.

6.- O custo da proba será de **trinta (30,00 €) euros por participante**.

7.- A inscrición dará dereito á participación na proba, e incluírá:

- Bolsa e camiseta serigrafiadas.
- Café antes da saída.
- Tres puntos de avituallamento ó longo da ruta (con líquidos e sólidos).
- Cervexa ou refresco á chegada.
- Comida ao rematar a proba que constará de: empanada, paella e postre.
- Servizo de lavado de bicicletas.
- Duchas no Colexio Martínez Otero.
- Servizo de ambulancia.
- e Seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

8.- Aqueles participantes que queiran traer acompañantes á comida terá un custo adicional de **catorce (14,00€) euros por acompañante**.

9.- O prazo de inscrición comeza o 18 de agosto de 2025 e finaliza o 10 de setembro de 2025 ás 23:59 horas ou ao acadar un total de 300 participantes. Realizarase na plataforma de inscricións de **Champion Chip Norte**: www.ccnorte.com.

10.- Considerarase efectiva a inscrición unha vez feito o pago na TPV habilitada para tal fin. Non se admitirán pagos en man nin o mesmo día da proba. Tampouco se admitirán inscricións fóra dos prazos marcados baixo ningún concepto.

11.- Só serán considerados participantes, aqueles que realizaran a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal será facilitado pola organización.



12.- A entrega de dorsais terá lugar o venres, 12 de setembro de 2025 entre as 18:00 e as 20:00 horas, na Praza Conde Fontao de Foz e o mesmo día da proba, sábado, 13 de setembro de 2025 entre as 08:00 e as 9:15 horas na Praza Conde Fontao de Foz, efectuándose a saída ás 9:30 horas dende este punto. A recollida de dorsais farase de xeito individual.

13.- En todo momento respectaranse e acataranse as ordes e directrices da organización.

14.- O emprego do casco é obrigatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta. A organización non se fai responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a neglixencia dos participantes, así como os danos que estes puidieran ocasionar durante a realización da marcha. Estimamos que cada participante e consciente da proba na que participa, polo cal solo recomendamos calzado idóneo, roupa en función da climatoloxía, un recipiente non desechable para hidratarse e teléfono móbil.

15.- O percorrido da proba transcorre na súa totalidade por camiños rurais e pistas de concentración parcelaria do Concello de Foz, existindo, non obstante, un tramo de uns 150 m. de enlace (estrada LU-152 Foz-Ferreira Do Valadouro e estrada LU-P-0210 A Seara-San Acisclo. Foz) abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade vial e no Regulamento Xeral de circulación estando no obstante dito tramo controlado pola autoridade competente.

16.- Nos cruces haberá voluntarios debidamente identificados para xestionar o correcto discurrir da marcha coa colaboración de membros de Protección Civil e Policía Local do Concello de Foz nos puntos que se considerase necesario.

17.- Tódolos participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar o lixo en todo o percorrido a excepción dos colectores situados nos puntos de avituallamento e de inicio e final de ruta.



18.- A Organización contará con servizo de ambulancia a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes que cubrirá aos participantes, non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fóra desta cobertura. A cobertura abrangue dende a hora de saída da ruta ata a chegada á meta dos participantes, ou ó momento en que o participante abandone a proba coa entrega do dorsal. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da proba. Enténdese que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT.

19.- Cada participante será autosuficiente e responsable do seu material e das avarías que poida ter ao longo do percorrido. A organización na medida do posible proporcionará axuda cun servizo de reparacións. En caso de que o participante sufra unha avaría que imposibilite a finalización da proba, este deberá chamar ao teléfono que figurará nos dorsais para a súa recollida.

20.- Os participantes poderán abandonar a ruta en calquera momento, mediante a entrega do dorsal a calquera dos voluntarios que estarán presentes ó longo do percorrido e nos puntos de avituallamento. Estes indicaranlle a mellor forma de volver ó punto de Saída/Chegada/Aparcamento, e, no caso de non poder voltar polos seus propios medios, chamará o teléfono que aparece nos dorsais para a súa recollida.

21.- A entrega dos dorsais por calquera das situacións reflexadas anteriormente, así como a circulación do participante con dorsal, por fóra de calquera dos percorridos marcados dentro da ruta, supón o remate da cobertura dos Seguros RC e Accidentes.

22.- A organización non cortara en ningún momento a circulación, e os participantes respetarán as normas viais nas poboacións e estradas de uso público.



23.- A organización resérvase o dereito a realizar as identificacións que considere necesarias en función das diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condición meteorolóxicas obligan ou por forza maior

24.- O participante presta o seu consentimento á Organización para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódalas formas posibles. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización expresamente, previa comunicación por escrito dirixida ao domicilio do Clube Ciclista de Foz sito en avenida da Ribeira, nº 1 (27780) Foz, (Lugo).

25.- INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS; O responsable do tratamento de datos é o Clube Ciclista Foz con domicilio en avenida da Ribeira, nº 1 (27780) Foz, (Lugo). Os datos de carácter persoal trátaranse coa finalidade da organización da “**RUTA PICO DA LEBRE 2025**” no Concello de Foz, xestión das persoas participantes e publicación nos medio de comunicacións institucionais ou sociais. A base xurídica que lexitima o tratamento é a misión en interese público amparada pola Lei reguladora de bases de réxime local e o consentimento da persoa interesada para a publicación das imaxes nos medios de comunicación e RRSS institucionais os datos poderán ser cedidos a outros organismos da administración pública, bancos e caixas de aforro, entidades aseguradoras, entidades sanitarias e forzas e corpos de seguridade do estado, non está prevista transferencia internacional de datos e o prazo para supresión dos mesmos será o necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitara e nunca máis dun ano. A persoa participante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido ao domicilio do Clube Ciclista de Foz sito en avenida da Ribeira, nº 1 (27780) Foz, (Lugo).

26.- A Organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.

27.- O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.